

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Eva Solla Fernández**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

O pasado 23 de novembro de 2015 aparecía no DOG o anuncio da solicitude de permiso de investigación mineira Isabela II que respondía á resolución favorable con data no 4 de febreiro de 2013 da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria para a solicitude do Grupo M-FM 2001 S.L. de investigación mineira nos termos municipais de Zas, Santa Comba, Vimianzo e Coristanco, na provincia da Coruña. Ademais do permiso xa concedido, a empresa solicitou outro permiso denominado Livia que suporían novas cuadrículas mineiras (4.536 hectáreas) nos municipios de Zas, Santa Comba e Mazaricos. Segundo Salvemos Cabanas a área alcanzaría un total de máis de 8.900 hectáreas, o que multiplicaría por dez a área prevista para o frustrado proxecto mineiro de Corcoesto.

A firma Grupo M-FM 2001 ten como administrador único a Antonio Miranda Rojas, vinculado a construtoras, inmobiliarias e empresas extractivas e que foi dono de Tivo SA, firma acusada pola fiscalía por danos ambientais no Parque Regional del Sureste da Comunidad de Madrid.

Por todo o exposto Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:



De que información dispón a Xunta de Galicia a respecto deste proxecto de investigación mineira que se pretende levar a cabo perto da pretendida mina de Corcoesto?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 26/01/2016 13:10:26**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/01/2016 13:10:33**

**Ramón Vázquez Díaz na data 26/01/2016 13:10:37**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 26/01/2016 13:10:40**

**Eva Solla Fernández na data 26/01/2016 13:10:42**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 26/01/2016 13:10:45**